

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE IRMANDADES DE DOADORES DE SANGUE****MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue subscribiron con data 20/8/20 un convenio que ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Federación da promoción da hemodoazón en Galicia con todos os medios ao seu alcance, en coordinación co Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

Que a Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue agrupa ás distintas Irmandades galegas que teñen como finalidades, entre outras, a promoción da hemodoazón en Galicia baixo a coordinación da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (en adiante, ADOS).

Para acadar niveis óptimos de hemodoazón, as distintas Irmandades que compoñen a federación participan en campañas de radio e televisión, reparten trípticos e carteis, percorren concellos contactando directamente coas persoas, promoven charlas e atenden tódolos requirimentos dos doadores nas súas oficinas, tanto persoal como telefónicamente.

Así mesmo, as Irmandades, ao igual que viña ocorrendo co Centro de Transfusións de Galicia, colaboran con ADOS mediante a realización de propostas, así como en todo o que esta determine e solicite.

Que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento de actuacións conxuntas en materia de difusión de información na Comunidade Autónoma Galega para acadar o fin común, que é a promoción da hemodoazón.

Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a cantidade de 58.200,00 € (cincuenta e oito mil douscentos euros) con cargo á aplicación orzamentaria 5001.412A.481.3, co código de proxecto 2014 00018, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da lei de subvencións de Galicia.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional indicado, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo.